

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

Presentamos a Programación da asignatura de Relixión e Moral Católica. Esta Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Relixiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción nos entornos comunitarios de pertenza. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada a idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
- Real Decreto 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión se incluírán nesta etapa educativa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.
- DECRETO 155/2022, 15 de setembro, no que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 2º de E.Primaria dun centro situado nun entorno semiurbano do concello de Santiago de Compostela. O alumnado que asiste ó centro procede de parroquias do concello, de zonas residenciais de Santiago e de concellos limítrofes: Brión, Ames e Teo.

En 2º curso asiste un 60% dun grupo e un 70% do outro grupo. A aula na que se imparte Relixión está no edificio de Educación infantil (anexo ó de Primaria e dentro do recinto escolar, con comunicación entre os dous o aire libre o que dificulta en días de mal tempo o paso dun ao outro). Os dous grupos desenvolven a clase de Relixión nese edificio de infantil, na aula de desdobre en dúas sesións semanais (un grupo os luns e outro os mércores) con sete unidades didácticas, tres no primeiro trimestre e dúas en cada un dos seguintes trimestres.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos descubrimentos! e novas amizades.	<p>Coido a miña casa (son feliz coa miña familia) e a casa común (coido e melloro a natureza e a todos os seres vivos que me rodean )</p> <p>Relato: A Creación. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea</p> <p>Recollida de froitos, follas e elementos da natureza que nos rodea para elaborar diferentes tipos de manualidades.</p> <p>Coido as persoas e melloro o mundo.</p> <p>Plantamos un xardín ha semente nunha maceta que coidaremos e observaremos os coidados que precisa como vai medrando ou os contatempos de non medrar.</p> <p>Traballamos as emocións dos demais e as nosas propias, en asemblea, como nos sentimos e como se sinten os demais cando nos preocupamos ou cando nos distanciamos.</p>	14	3	X		
2	A Biblia, que libro tan grande, cantos amigos de Deus atopo nela.	<p>Deus quérenos seus amigos. Cantos personaxes na Biblia, que son amigos de Deus, e porque.</p> <p>Como se comunicou Deus cos seus amigos: Relatos de Moisés, Samuel e Elías (álbum de personaxes)</p> <p>Onde atopamos historias de Deus e os seus amigos: a Biblia, como libro sagrado para os cristiáns na Igrexa. Elaboramos unha portada e un interior dunha Biblia con fotos relixiosas, de amor, amizade, paz...</p> <p>A Biblia como fonte de inspiración artística: Pintamos entre todos o noso propio cadro con materiais da natureza.</p> <p>Traballamos o autoconcepto e responsabilidade de cada un de nós cara os</p>	16	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A Biblia, que libro tan grande, cantos amigos de Deus atopo nela.	demais	16	5	X		
3	Un grande agasallo: Xesús!	<p>O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Advento e Nadal. Elaboramos unha coroa de Advento na aula (con elementos da natureza, valorando todo o que nos rodea) A importancia do Si de María á mensaxe de Deus!</p> <p>Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar. Relato de Nadal.</p> <p>Álbum de Personaxes: Sagrada Familia, Anxo e Pastores, elaboramos un dominó de Nadal.</p> <p>O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas como un mural colaborativo na aula dunha árbore de Nadal con bos desexos, e tarxeta de felicitación ás familias, colocación do belén e movemento das figuras segundo van avanzando os días para a chegada de Xesús.</p> <p>Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco do Nacemento. Experimentamos a ledicia da chegada dun novo ser as familias.</p>	15	6	X		
4	O mandamento do AMOR	<p>Introducción aos sacramentos: O bautismo de Xesús, semellanzas e diferenzas co noso bautismo</p> <p>Mandamento do Amor. O grande agasallo que nos fai o noso Pai, Deus, co seu Fillo: Xesús e o seu mandamento</p> <p>Descubrimos con que palabras Xesús nos transmitiu o seu Amor e construímos entre todos un gran mural con forma de corazón que enchamos con palabras e accións que transmitan ledicia e mimen o noso corazón</p> <p>Álbum de Personaxes: Os tres Magos de Oriente, pastores, sagrada familia, personaxes bíblicos.</p> <p>Relato Bíblico e interpretación na aula: O bo samaritano</p> <p>A responsabilidade de todos e para con todos</p> <p>A ledicia de ser amado e de amar, sentirnos queridos polos que nos rodean. Elaboramos un gran mural con todos os nomes de todo o alumnado sentíndonos familia da escola.</p>	14	5		X	
5	O Perdón, a paixon e cruz	<p>O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Coresma, Semana Santa e Pascua.</p> <p>A cruz, a entrega mais grande de Amor, de gratuidade. A gratitude polas boas accións</p>	15	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	O Perdón, a paixon e cruz	<p>dos demais.</p> <p>Aprendemos a escoitar e a escoitarnos (o noso interior), facemos un pequeno retiro cara o noso interior guiados pola mestra/e, sentíndonos ao pé da Cruz de Xesús, experimentamos o silencio como nos sentimos e que sentimos. Elaboramos unha cruz con elementos da natureza.</p> <p>Álbum de Personaxes: Xesús. O Perdón e a súa importancia nas nosas vidas. Debemos perdoar e sentirnos ue somos perdoados. A paixón de Xesús repasámola cun xogo dun dado.</p> <p>Relatos bíblicos de perdón, coma por exemplo: o fillo pródigo Interpretamos na aula os distintos papeis dos personaxes. Traballamos a resolución pacífica de conflitos, con exemplos, como facía Xesús coas parábolas., un conflito que pode surxir no noso tempo de xogo.</p> <p>Manualidade de Semana Santa ou/e de Pascua.</p> <p>Significado dos ovos de Pascua.</p>	15	5		X	
6	Formamos un equipo, somos todos necesarios	<p>Personaxes bíblicos que promoven a vida en comunidade: Os apóstolos.</p> <p>A igrexa. Grupo de pertenza con Xesús. Compartimos xuntos tempo de calidade, celebrando a lectura dun relato bíblico de xeito especial: relacionado cos comezos dos apóstolos ou da Igrexa. Elaboramos unha igrexa en 3D e outra en puzle.</p> <p>Observamos a necesidade qe que todos somos necesarios e importantes.</p> <p>Xogo de construción dunha igrexa , cada un de nós e unha parte saber colocarse e explicar a función que desenvolven</p> <p>Álbum de Personaxes: Os 12 apóstolos de Xesús, elaboramos un abano cos 12 apóstolos.</p> <p>Atención especial aos que mais sofren, pensar e dialogar sobre quen está sufrindo o noso arredor e precisa axuda, como podemos facer para axudar. Representar unha situación de sufrimento.</p>	14	5			X
7	As festas. Celebramos xuntos!	<p>Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de comunicación e transmisión de cultura.</p> <p>Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á Maria, patrón/patroa...</p> <p>Celebramos o inicio da pronta chegada do tempo de vacacións xuntos celebrando coa lectura dun relato bíblico de xeito especial: sobre como vivían os primeiros cristiáns.</p> <p>Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea, se procede.</p>	12	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	As festas.Celebramos xuntos!	Corto: o valor de compartir. Álbum de Personaxes: Os pais de Xesús María e Xosé; e os seus avós: Xoaquín e Ana, os pais de María, xogo de cartas. Repaso de fin de curso ao tempo que preparamos a nosa carpeta de traballos, recopilamos fotos da actividades de todo o curso e entre todos elaboramos un pequeno álbum-resumo.	12	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Novo curso, novos descubrimentos! e novas amizades.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso Respecta o cidado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A Biblia, que libro tan grande, cantos amigos de Deus atopo nela.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mantén actitudes de respecto cara todo o que nos rodea, natureza, persoas, con mostras e palabras respetuosas..		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona pequenas obras de arte con textos bíblicos.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Recoñece e identifica celebracións e festas cristiás.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Trata a Biblia como libro sagrado que é con respecto e cariño Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Un grande agasallo: Xesús!	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra respecto por todo o noso arredor e expresa con palabras fermosas.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera Identifica costumes e tradicións na súa familia, no Nadal Recoñece a Xesús coma o agasallo mais importante do Nadal Valora que a importancia do Nadal non son os agasallos senon compartir tempo cos seres queridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O mandamento do AMOR	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Expresa con palabras de respecto e agradables o amor que sinte por todo o seu arredor.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Está pendente do novo alumnado e do que se queda só para traballos de grupo Defende os máis desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	O Perdón, a paixon e cruz	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de axuda e de respecto cara as persoas do seu arredor e cara a natureza que nos rodea, sabe explicar como podemos mellorar o coidado da creación.	TI	100
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Entende que o pai do fillo pródigo perdoa sempre ao seu fillo Interven nos conflitos, mediando as situacións de xeito pacífico		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza con situacións de pena e desfavorecidos, axuda , colabora e comparte cos máis fráxiles e cos que sofren ou pasan un mal momento.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Nomea acontecementos importantes da vida de Xesús e é consciente do seu dor na Cruz É quen de perdoar en distintas situacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.</li> <li>- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Formamos un equipo, somos todos necesarios	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Coida e faise responsable dun grupo, sabe que todos somos necesarios e importantes que debemos coidar e sentirnos coidados.	TI	100
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Defende os máis desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermedando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para ser felices, na familia, no colexio cos compañeiros/as		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Entende que María, a nai de Xesús, e os apóstolos, tiveron momentos de moita alegría pero outros moi dolorosos e é quen de compartir os seus momentos alegres e complicados co resto dos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.</li> <li>- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	As festas.Celebramos xuntos!	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Inclúe os seus amigos no grupo e respeta a todos os membros, procura un bo clima de afecto e traballo.	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra boas palabras e celebra os bos momentos dentro do grupo.		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identifica textos curtos que melloran a convivencia e procuran a Paz.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de identificar os cruceiros da súa contorna como manifestacións artísticas que recordan a Xesús na cruz Define a igrexa como lugar de encontro dos cristiáns		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Manifesta respecto ao describir as festas do seu pobo como tradición vivida e compartida en comunidade		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Expresa emocións e sentimentos ante celebracións relixiosas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- María, a Nai de Xesús.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de pequenos proxectos, conseguir RETOS. Participación en todas as celebracións do centro educativo así como nas actividades programadas ó longo do curso.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos, saídas polo entorno e a natureza que nos rodea e na que convivimos.

As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI. As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado.

A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas

as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que nos rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado – mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión, os alumnos/as iníciase no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber, pola búsqueda e a intriga.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos, recordaremos e repasaremos o do curso pasado.

- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, buscar e indagar.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas ...

- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ‘‘Enseño básico’’ sinalase ‘‘Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe’’.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo (totalidade da aula, e incluso dos dous grupos en determinados momentos)

- Pequeno grupo (parellas)

- Traballo de mesa individual...

- Rincóns

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.



#### c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión. Para determinadas actividades acudiremos a outra aula de desdobre na que contamos con materiais varios e xogos didácticos.

Será unha organización o máis flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso e, adaptándome á idade, actividade, motivación, situación do día a día...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais e humanos
Recursos espaciais.
Distintos recursos materiais (materiais manipulativos diversos e variados)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais e medios audiovisuais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinalase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

\*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores, do propio centro educativo ou doutros centros; e familias ou visitas, e organizacións e/ou institucións, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna, en beneficio da nosa labor docente.

\*Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio e aula de informática, aula de convivencia, comedor, pabillóns e outros espazos da contorna.

\*Distintos recursos materiais:

-Coma material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, cadeiras, paneis, xogos e quebracabezas, Biblioteca de aula...

-Material impreso, coma os libros de texto ou de consulta, dicionarios, a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), láminas de apoio visual...

-Material funxible e variado: lapis, goma de borrar, caderno, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores... plastilina e outras pastas de modelar, cola, pegamento, tesoiras,...

-Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

\*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que

recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida re utilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar seus propios xogos ou adornos.

\*Material informático e recursos tecnolóxicos coma ordenador con conexión a internet, robots educativos coma o escornabot ou ozobot... gafas de Realidade Virtual, encerados dixitais, proxectores, canón de video, tablets...

\* Recursos dixitais e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC. Estes recursos para a maioría do alumnado son motivadores e facilitan a adquisición de contidos e colaboran no reforzo de aprendizaxes adquiridas: Apps como a ´´Biblia infantil´´, páxinas web, CDs, libros dixitais, enciclopedias online, xogos informáticos, plataformas online, a aula virtual e blogue, a luz negra, vídeos educativos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina nas primeiras semanas do curso mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.

-Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar... tendo isto en conta para alumnado novo, porque o seguir no mesmo centro educativo xa teño referencias do curso anterior.

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora, Que sabemos e queremos saber de cada unhas das unidades.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade, cústanlle as actividades grupais, desenvólense ben nos diferentes rincons para cambio de actividade, son máis de manipulativas que de fixar atención...)

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..)

Que fortalezas identifico no grupo en canto a aspectos competenciais?

Necesidades individuais

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).

Que medidas organizativas vou a adoptar? (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

Que medidas curriculares vou adoptar? Que recursos empregar? Como empregar?

Que modelo de seguimento vou utilizar con cada un deles?

Cada canto e como avaliar os seus progresos?

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Crterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora e guíome pola Orde do 26 de Maio do 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva, traballo e colaboración a nivel grupo.

- Observación directa e sistemática : escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

- Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

- Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en:

- Fichas de actividades de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre, xogos repaso.
- Pequenos traballos/Traballo cooperativo

Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a)Parte actitudinal:

45%

Aproveitamento do tempo, distribución da actividade.

Esfuerzo, actitude e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación, orde e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..) respetando as pautas establecidas.

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula

+ 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de "avaliación continua", como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

As Cualificacións serán segundo a citada Orde, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.  
 Ben: 6.  
 Notable: 7 ou 8.  
 Sobresaliente: 9 ou 10.

### **Crterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

.Co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

.Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

.O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Nesta situación o alumno/a terá unha atención personalizada e individual a carón da mestra para facilitar o seguimento da clase, o avance e a motivación do alumno/a.

. Os medios de apoio e reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares e metodolóxicos. Entre eles poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

.Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

.Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

.Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios, xogos interactivos.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e a importancia dos momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións, decoración.	Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...) Decoración do espazo segundo a celebración.	X	X	X
Panxoliña, ou postal para un centro de día da contorna.	Panxoliña ou postal para chegar aos maiores do Centro de maiores de Santiago	X		
Decoración de Nadal, belén.	Colocación do belén, cambiando as figuras segundo pasan os días. Realización da manualidade para a familia.	X		
Receitas de Paz.	Elaboramos receitas de cociña con valores, emocións, boas palabras e elaboramos un libro.		X	
Lecturas felices no exterior do colexio.	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos	X	X	X
Camiñata polo Camiño de Santiago.	Saída os arredores do colexio por onde pasa un tramo do Camiño de Fisterra para falar con algún peregrino.	X	X	X
Visita a igrexa ou capela que está preto do colexio.	Saída para coñecer exterior e interior da capela ou da igrexa, identificar símbolos relixiosos.	X	X	X
Correspondencia con alumnado de outros centros	Escribir cartas ou elaborar manualidades e enviar a alumnado de outros centros da contorna	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recollida de alimentos	Participar na recollida de alimentos e envío o banco de alimentos no tempo de Nadal	X		

#### Observacións:

Coa realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento de elementos transversais.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar unha autonomía ampla e promover interese pola cultura e os servizos, no alumnado
- Complementar o currículo das diferentes áreas non curriculares, contribuíndo no seu desenvolvemento integral con actividades lúdicas.

Actividade e descrición. Algunhas propostas a modo de exemplo:

- Conmemoracións: Celebración de festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar que se celebren no centro (Samaín, Magosto ou San Martiño, Igualdade de xénero e Bo Trato, Día da Paz...)
- Panxoliña con ás, na visita a un centro de día da contorna.
- Unha panxoliña para achegar aos maiores do Centro de día de Santiago de Compostela. As ás desta panxoliña achegarannos co alumnado de 2º E.P para aledar os corazóns dos maiores.
- Belén na aula de relixión de primaria, segundo van pasando os días irán avanzando as figuras no espazo explicando a historia do nacemento de Xesús.
- Correspondencia cunha mestra de relixión e o seu alumnado. Intercambio de correspondencia tanto empregando o correo ordinario coma o electrónico.
- Lecturas felices no patio, nos arredores do colexio ou no Camiño de Fisterra disfrutando da natureza e tendo a oportunidade de dialogar con algún peregrino compartindo lectura, vivencias.
- Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos, a principios e a finais do curso e recoller elementos da natureza.
- Campaña solidaria de recollida de alimentos.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
DO ALUMNADO
O alumno/a participa activamente de todo o proceso
DE MIN MESMO/A COMO MES>TRE/A
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

Metodoloxía empregada
Idineidade das actividades propostas no proceso de E-A
Traballo en equipo con outros compañeiros/as do Claustro.
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
Incorporación axeitada das Novas Tecnoloxías no proceso de E-A.
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos
Medidas de atención á diversidade
A atención é personalizada,e axeita á diversidade do alumnado
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
O alumnado traballa en equipo cos seus compañeiros/as
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente
Implico as familias en todo o proceso
Facilito as familias unha boa relación e diálogo.
Entrego en prazo os documentos requeridos polo centro.
Participo activamente na realización da memoria final
Participo nas actividades do centro e propoño algunhas que sexas consideradas beneficiosas e interesantes.e

### Descrición:

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?



.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo...

\*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais...) en,

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.
- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre
- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo
- Traballo cooperativo
- Manualidades, pasatempos
- Xogos de mesa, de creatividade,
- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa pizarra dixital..

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos como fichas escritas de control, anecdóticos, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizárense no programa XADE cada trimestre. Participando na avaliación de cada trimestre faise unha avaliación co titor e demais especialistas de cada un dos alumnos/as.

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades farase unha atención totalmente individualizada e personalizada.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

\* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

\*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

## ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI            CASE SEMPRE    CASE NUNCA    NON            PROPOSTAS DE MELLORA

- \* Preparación da clase e dos materiais didácticos
  - Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
  - Existe unha distribución temporal equilibrada.
  - O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.
- \* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs) do alumnado.
  - A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado/a
  - Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)
- \* Regulación da práctica docente
  - Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
  - Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
  - Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
- \* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
  - Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
  - Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
  - Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
  - Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
  - Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
    - \* Aos alumnos.
    - \* Ás familias.
- \* Utilización de medidas para a atención á diversidade
  - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
  - As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
  - Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

## 9. Outros apartados

### 1. Nada que indicar

-